

6- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade levarase a cabo en primeiro lugar detectando as diferentes capacidades que presenta o alumnado. Este ano contamos cun repetidor en 2º e dous en 3º da ESO, a todos eles procuraremos motivar mediante estratexias, actividades e mesmo materiais didácticos diferenciados. As *actividades de reforzo* programadas incidirán nas chamadas destrezas básicas, traballarase con textos de lectura apropiados ao seu nivel, con exercicios adaptados, con libros de lectura acorde cos seus gustos e intereses para mellorar a súa capacidade de expresión e comprensión. Estas actividades de reforzo están pois encamiñadas a conseguir que estes alumnos con máis dificultades avancen progresivamente e cheguen a acadar os obxectivos propostos para o curso. Asemade atenderase tamén a aqueles alumnos que están por riba do nivel do grupo, para eles introduciremos actividades de ampliación, traballos individuais sobre algún dos contidos vistos, e mesmo sesións nas que eles sexan os protagonistas ao facelos responsables da transmisión da información.

Canto ao alumnado con necesidades educativas especiais, estamos a espera da información que nos proporcione o Departamento de Orientación.